

## **PROGRAMA DE GOBERNO DO CONCELLO DE AMES 2015-2019**

### **LIÑAS PROGRAMÁTICAS:**

1. Un goberno municipal transparente, aberto e participativo
2. Un goberno comprometido co emprego e o desenvolvemento económico de Ames.
3. Un concello para vivir, apoiando o desenvolvemento territorial sustenable.
4. Un goberno comprometido coa coa igualdade social e as políticas sociais: Por unha saída social á crise.
5. Un goberno comprometido coa cultura e a lingua galega.

### **1.- UN GOBERNO MUNICIPAL TRANSPARENTE, ABERTO E PARTICIPATIVO**

Propoñemos un novo modelo de xestión baseado na proximidade, a transparencia, a ética na xestión, a loita contra a corrupción, a eficacia e a eficiencia. Apostamos pola proximidade, mediante o impulso de verdadeiras canles de participación e colaboración cidadá que recupere a atención á cidadanía así como a transparencia no acceso á información da xestión municipal, e a tolerancia cero ante a corrupción.

A intensa colaboración que procuraremos nos veciños e veciñas de Ames, nas entidades e colectivos representativos, non será un mero formalismo, senón a ferramenta para ter en conta todas as opinións nas decisións de goberno, de xeito que teñan o maior grao de consenso.

#### Propostas:

- A elaboración dun código ético e de bo goberno.
- Tolerancia “cero” fronte a corrupción. Total e absoluta intransixencia fronte á corrupción.

- Posta en marcha do Portal da Transparencia. O portal terá como obxecto facilitar unha permanente rendición de contas, con avaliación detallada dos programas e as políticas, con total transparencia en materia de:
  - Presupostos anuais e informes periódicos de execución.
  - Procedementos de contratación pública e criterios de adxudicación.
  - Concesión de subvencións.
  - Sinatura de convenios.
  - Publicación das retribucións dos cargos públicos, gastos de representación, publicidade e promoción institucional.
  - Políticas de persoal: cargos de libre designación, procesos selectivos de persoal municipal.
  
- A posta en marcha dun regulamento de participación cidadá que permita o exercicio do dereito dos veciños e veciñas a intervir no proceso de decisións a nivel local.
  
- Implantar a Iniciativa Cidadá Local para incorporar as propostas da cidadanía aos procesos de goberno do concello.
  
- A posta en marcha da “axenda aberta do alcalde e dos concelleiros e concelleiras” mediante a súa publicación na web do concello, como procedemento que permitirá axilizar unha forma de contacto directo entre a veciñanza e o alcalde e os concelleiros e concelleiras. Mediante esta aplicativo os cidadáns poderán solicitar directamente cita cos seus representantes aos efectos de que éstos os atendan persoalmente respecto dos problemas e reclamacións que se lles plantexen, dentro do noso compromiso de manter contacto directo cos cidadáns mentres permanezamos á fronte do concello.
  
- Facilitar a partir do primeiro pleno ordinario da nova corporación, que calquera veciña ou veciño, así como asociación ou entidade representativa, poida intervir formulando rogos ou propostas.

- Impulsar encontros directos periódicos dos responsables do goberno local coa veciñanza.
- Aprobación dunha instrución de contratación pública no concello, onde todos os contratos serán sometidos á publicidade e concorrência. Comprometémonos a publicitar os contratos negociados na web municipal e convidar a quen o desexe a presentar ofertas. Alén diso, nos contratos menores e urxentes, crearemos unha bolsa municipal de provedores para que poidan presentar ofertas en todas as licitacións do concello, tamén nas de contía máis baixa. Representación de toda a corporación nas mesas de contratación.
- Remodelar o actual plan de axuste e proceder á renegociación da débeda do concello coas entidades bancarias, co obxectivo de acadar lograr unha mellor equilibrio financeiro e unha mellora na nosa capacidade económica.
- Implantar os presupostos municipais participativos.
- Establecer reformas fiscais adecuadas ás circunstancias económicas actuais, que nos permitan axudar ás persoas que máis o necesitan.
- Proceder á municipalización da xestión tributaria.
- Racionalización e control do gasto. Priorizando os gastos correntes sen reducir a calidade dos servizos prestados.
- Inclusión nos orzamentos municipais de indicadores obxectivos que sirvan para medir a eficacia dos gastos e investimentos.
- Orientación dos orzamentos municipais ao estímulo do desenvolvemento e crecemento, desde unha perspectiva sustentable, orientado os consumos e gastos municipais ás empresas locais na medida do posible.
- Avanzar na recuperación de servizos municipalizados, revertendo da privatización aqueles que se consideren esenciais.
- Blindar orzamentariamente os servizos sociais.

- Inclusión de cláusulas de carácter social nos procesos de contratación pública, coa finalidade de promover a incorporación de melloras sociais entre os criterios para a adxudicación e execución de contratos públicos polas empresas adxudicatarias, procurando que na valoración se teña en conta o emprego local e as oportunidades laborais a colectivos e persoas desfavorecidas.
- Aplicación do IBI aos bens da Igrexa Católica que non se dediquen ao culto, así como imposición de gravames adicionais ás vivendas e locais comerciais de construtoras e bancos sen uso para disuadir da especulación, agás se poñan a disposición dos programas municipais de alugueiro. Extensión de bonificacións tributarias a persoas e familias en situación de emerxencia, sen que por iso perdan o dereito aos servizos municipais.
- Estudo exhaustivo de todas as partidas presupostarias e proceder a avaliación da súa eficacia.
- Establecer taxas por determinados servizos en función dunha progresividade ligada a renda aumentado os tramos existentes.
- Implantar un sistema de tramitación administrativa e burocrática máis áxil, apostando decididamente pola tramitación electrónica.
- Apostar polos recursos humanos do concello:
  - Respetar estritamente os dereitos laborais dos empregados públicos, fomentando o encontro e a concertación social e retribuindo con equidade o seu interese e dedicación no traballo.
  - Cumprir os principios de publicidade, mérito e capacidade nas contratacións de persoal para asegurar a igualdade de oportunidades.
  - Definiremos a organización xeral do Concello e dos seus departamentos para asignar con claridade as funcións e responsabilidades do persoal.
  - Incentivaremos a formación permanente dos empregados e empregadas públicos para mellorar a súa cualificación e, con elo, a calidade da xestión municipal.

- Consolidación e ampliación da emisión local de Ames Radio, a radio pública municipal. Aprobación dunha ordenanza onde se contemple a creación dun Consello Municipal de Comunicación, con participación institucional e social, que aprobe as liñas básicas de programación e avalíe a misión de servizo público da radio municipal. Afondaremos sobre todo na participación, facilitando a colaboración de calquera outra asociación representativa ou persoas que teñan inquiredanzas comunicativas. Ofrecemento para a realización de programas aos centros escolares.

## **2.- UN GOBERNO COMPROMETIDO CO EMPREGO E O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE AMES**

O Goberno de Ames dedicará esforzos, recursos e respaldo á posta en valor dos recursos endóxeos para atinxir un modelo de crecemento económico sustentable, ademais de apoiar e investir no coñecemento, a investigación e a innovación para implantar un modelo económico que sexa capaz de atinxir maiores niveis de emprego. Esta preocupación irá dirixida sobre todo á procurar oportunidades de emprego para a xente moza.

Apostamos decididamente por revitalizar e impulsar o noso tecido económico e produtivo. Desde o goberno municipal propiciaremos as condicións necesarias para o desenvolvemento dunha actividade económica dinámica e rendible, xeradora de emprego e riqueza para o noso concello.

### Propostas:

- Recuperar o viveiro de empresas como facilitador na creación de novas iniciativas empresariais, tomando como criterios o fomento do empresariado individual, o feminino e o xuvenil e de cooperativas, a creación de empresas de economía social.
- Fomentar o coworking.
- Impulsar o Servizo de Orientación Laboral, reforzando as súas actividades de información, orientación e formación.
- Implantar a figura do asesor e titor de emprendedores

- Establecer fórmulas de axudas para incentivar os empresarios e autónomos con sede social en Ames.
- Adoptar políticas fiscais municipais que estimulen a iniciativa empresarial, aplicando na medida que o permita a Lei de Facendas Locais, bonificacións á cota que deben pagar as empresas nos impostos de bens inmobles, de actividades económicas, e no de construcións, instalacións e obras.
- Establecer programas de búsqueda de emprego con aqueles colectivos con máis dificultades de inserción laboral como mozos e mozas en busca do seu primeiro emprego, maiores de 45 anos, mulleres, persoas con algún grao de discapacidade e parados de longa duración.
- Facilitar o acceso dos vecinos e veciñas aos programas de capacitación e formación permanente para o emprego, colaborando activamente cos organismos competentes.
- Promover a realización de prácticas laborais vinculadas á formación en empresas radicadas no noso concello.
- Apostar pola creación de emprego público vinculado a servizos básicos locais para a poboación, como vía prioritaria para crear emprego estable, e especificamente dirixido aos sectores de poboación que presentan taxas máis altas de desemprego, como son as mulleres e os mozos e mozas. A tal fin, reclamaremos a supresión da limitación á creación de emprego público destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais, establecida nas leis orzamentarias do Estado e de Galicia.
- Potenciamento dos servizos de desenvolvemento local do concello, para asesorar e apoiar os proxectos de emprendemento económico, especialmente os de cooperativismo e economía sociais, e sectores vinculados ao medio ambiente e “economía verde”.
- Axilizar a tramitación para a apertura de novas empresas e pór en marcha un programa municipal de concesión de préstamos con xuros reducidos para aqueles proxectos que se consideren estratéxicos e viables.

- Impulsar en todo o rural a actividade vinculada á pequena transformación primaria (pequenas empresas transformadoras de alimentos) promovendo a creación de pequenas infraestruturas a nivel parroquial en espazos públicos, que permitan a transformación e conservación de alimentos producidos.
- Apoiar a comercialización en mercados de proximidade, aumentando e mellorando os espazos dedicados en espazos públicos no Milladoiro e Bertamiráns, para a venda de alimentos locais e artesanía en mercados de proximidade, avanzando na identificación dos produtos elaborados no concello de Ames.
- Potenciar escolas-obradoiro centradas en recuperar a artesanía local, así como oficios especializados.
- Aproveitar os recursos e potencialidades turísticas de Ames, especificamente a través do potenciamento do Camiño de Fisterra-Muxía e o Camiño Portugués, de roteiros prehistórico, de arte e cultura tradicional e rosaliano, e da posta en valor e dinamización dos recursos naturais, patrimoniais e culturais.
- Establecer pontes de colaboración estabéis coa Universidade de Santiago para favorecer a instalación no noso concello das iniciativas empresariais xurdidas da investigación. Fomento dos viveiros de empresas, prioritariamente para empresas de base tecnolóxica, spin-offs da USC, consultoras culturais e lingüísticas. Interactuar intensivamente coa USC, aproveitar a rede de investigadores, de empresas de base tecnolóxica universitaria para a súa implantación en Ames.
- Polígono do Novo Milladoiro: demandar das administracións competentes mellorar a conexión e a mobilidade.
- Rehabilitación e humanización das zonas urbanas que impulsen o comercio e hostalaría locais. Impulsar os centros comerciais abertos en Bertamiráns e no Milladoiro.
- Potenciar os mercados de rúa, habilitación de zonas específicas para a instalación de venda de produtos locais de alimentación e artesanía, e con espazos para o troco entre a veciñanza. Emprender actuacións de dinamización, así como a avaliación da súa relocalización para que conten con máis espazo e zonas cubertas.

- Potenciar a Mesa Local do Comercio co obxectivo de dar un impulso á actividade comercial en Ames, en canto sector estratéxico no desenvolvemento económico do concello.
- Apostar pola potenciación do comercio de proximidade, como garantía de articulación e cohesión, mediante o fortalecemento do seu tecido.
- Introducir melloras consensuadas cos comerciantes na regulación do tráfico, aparcamentos e zonas de carga e descarga para garantir as mellores condicións posibles.
- Xestionar a creación de prazas de aparcamento no Milladoiro e Bertamiráns.
- Impulsar e favoreceremos todas aquelas iniciativas económicas e comerciais vinculadas ao comercio xusto.

### **3.- UN CONCELLO PARA VIVIR, APOIANDO O DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL SUSTENTABLE**

O obxectivo principal do Goberno de Ames será o de mudar a idea dun concello dormitorio para asentar a dun concello para vivir, levando para iso a termo unha política de ordenación territorial sustentable que garanta o equilibrio territorial, o desenvolvemento urbanístico racional e a protección do ambiente e a paisaxe.

Propostas:

#### **Planificación racional na xestión territorial e urbanística**

- Revisións puntais do PXOM para reservar solo para equipamentos públicos pendentos: parque central e zonas verdes no Milladoiro, centro de saúde do Milladoiro, centros educativos, ampliación dos pavillóns do Milladoiro e de Bertamiráns, centro de día para maiores, centros sociais para mocidade, asociacións e colectivos, etc.
- Deseño dun plan integral de conservación de núcleos rurais, que contemple a rehabilitación progresiva dos núcleos rurais coa finalidade de mellorar a calidade



de vida da veciñanza e poñelos en valor como recursos turísticos, no caso dos máis exemplares (Lens, Tapia, etc).

- Proxectos de humanización do Milladoiro e Bertamiráns.
- Adecentamento das paredes urbanas, a través da colaboración con artistas.

### **Mellora nas infraestructuras básicas**

- Desenvolver un Plan Estratéxico de mantemento das infraestructuras municipais (camiños e pistas rurais, alumeado público, mobiliario urbano, equipamentos deportivos, etc), co obxectivo de anticiparnos ás necesidades, o que redundará nunha maior eficacia e eficiencia na xestión, ao dotar ao Concello dun programa estruturado e planificado de investimentos en equipamientos e obras de mantemento e conservación.
- Establecer un programa de seguimento e inspección continua ás obras municipais executadas por empresas privadas cunha dobre finalidade: evitar que se incorra nalgunha irregularidade e garantir o cumprimento nos prazos de entrega.
- Impulsar o desenvolvemento da instalación da rede de saneamento o abastecemento de auga do concello.
- Dotación de alumeado nas zonas do rural que o precisen.

### **Mellora nas infraestructuras viarias**

- Instar á liberación de peaxe na AP-9 ao paso polo Milladoiro, como alternativa máis viable de circunvalación á dita localidade.
- Instar a mellorar a conexión do polígono Novo Milladoiro para liberar tamén parte do tráfico da rotonda do Milladoiro. Instar á Xunta á execución da conexión do Polígono Industrial do Milladoiro á autovía Santiago- Os Ánxeles e ao corredor das Galanas.

- Acometer un plan de seguridade viaria nas travesías urbanas do concello e en todas aquelas parroquias con maior densidade de poboación (O Santo-Condomiña, Costoia-Eirapedriña, Covas, Biduído, Curuxeiras-Augapesada...).
- Mellora da seguridade viaria na estrada de Trasmonte, coa realización de beirrarúas e un sendeiro peonil paralelo á estrada no treito do camiño cara Fisterra.
- Regulación do uso das pistas forestais por parte de profesionais da madeira, coa elaboración dunha ordenanza reguladora para supervisar e coordinar coa Consellería do Medio Rural e Mar os traballos de curta de árbores e retirada por pistas forestais e municipais.
- Mellora das sinais viarias, e marquesiñas principalmente no rural.

### **Transporte público colectivo**

- Mellora da información, tanto na web do concello como coa sinalización adecuada das paradas
- Ampliar de horarios e frecuencias, en especial o horario dos buses a Santiago en fins de semana e ás noites, así como a frecuencia da liña que une Bertamiráns e o Milladoiro.
- Recuperación do noitebus e, se houbera demanda, establecer outro que una tamén Milladoiro e Bertamiráns.
- Deseñar e implantar un plan municipal de transporte público, co que se procurará a vertebración do territorio do concello, conectando os núcleos rurais e urbanos.
- Realización de camiños escolares, para acompañar a pé aos centros educativos aos escolares adolescentes, sempre que as condicións de seguridade o permitan.
- Creación de aparcadoiros específicos para bicicletas e motocicletas.
- Optimizar o servizo de Transporte Metropolitano de Santiago.

- Tentar recuperar o 100% da bonificación da Tarxeta Metropolitana de Galicia social (TMGS) para xubilados e pensionistas en atención a súa renda, mantendo e tratando de aumentar o desconto para outros colectivos de usuarios como desempregados, discapacitados, estudantes e menores.

### **Servizos públicos de calidade**

- Avanzar no abastecemento e tratamento de augas residuais e rede de sumidoiros no rural.
- Ampliación da EDAR de Bertamiráns, en Sisalde.
- Apertura do cemiterio municipal.
- Execución dun plan de aforro enerxético nas instalacións municipais que evite a contaminación lumínica e estableza mecanismos de aforro.
- Reformulación da brigada municipal de obras, con dirección profesionalizada e programa de actuación anual e coherente, que terá como prioridades, ademais dos traballos de conservación que vén facendo, atender investimentos directos municipais como o arranxo de camiños, parques, restauracións de locais...
- Impulso á realización de obras municipais pola administración (obradoiros de emprego e contratacións temporais de persoal).
- Realización de auditorias e inspeccións sobre a correcta prestación dos servizos públicos para garantir a súa calidade.

### **Mellora ambiental de Ames**

- Reforzo das actividades na Aula da Natureza, con exposicións interactivas arredor da protección do medio ambiente o fomento de novas formas de vida.
- Creación de espazos naturais verdes no Milladoiro e Bertamiráns que, ao tempo de favorecer a relación e o coñecemento co medio, sexan espazos para a relación e o lecer. Remodelar os espazos verdes para incluír espazos produtivos (hortos urbanos, bosques de alimentos, proxectos de agrosilvicultura).

- Cartografar e limpar a rede de ríos e as pistas que se usan para acceder á miríade de parcelas que conforman o territorio, tanto para asegurar o acceso dos que queiran traballar nelas como o disfrute da cidadanía.
- Favorecer a redución, reutilización e reciclaxe dos residuos, estendendo a recollida de aceite doméstico, a compostaxe caseira, adaptando o número e localización dos contedores específicos ás necesidades detectadas.
- Mellorar a recollida de lixo no rural, verificando o cumprimento das condicións pola empresa concesionaria (limpeza de contedores, frecuencia da recollida, etc), e dotación de contedores específicos de vidro e papel a todos os núcleos poboacionais e parroquias que o precisen.
- Crearanse itinerarios medioambientais para peóns e bicicletas que sirvan como unha alternativa real ao uso do coche, permitindo o desprazamento a pé ou en bicicleta entre As Cortes e Bertamiráns, e entre O Milladoiro e Ventín.
- Recuperación de itinerarios paralelos ás sendas fluviais, a través de intervencións mínimas, que permitan o paso a pé e en bicicleta.
- Recuperación da brigada ambiental do concello, para a realización de obras ambientais por administración.
- Traballarase na preservación e posta en valor do río Sar e na recuperación das súas ribeiras, unha zona que é refuxio habitual de numerosas aves, favorecendo a construción dun observatorio de aves para aproveitar a súa riqueza ornitolóxica . Acometer desde agora un plan de recuperación unha vez entre en servizo a depuradora de Santiago.
- Difusión e posta en valor do Roteiro de Riamonte.
- Avogar pola instalación de dispositivos térmicos e fotovoltaicos nas instalacións municipais e fomentar entre a poboación o uso de enerxías limpas e alternativas.
- Aseguramento desde o concello da limpeza das faixas de protección contra os lumes dos núcleos de poboación e na difusión entre a poboación das medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

- Fomentar a agricultura/horticultura urbana e periurbana ecolóxica mediante campañas, cursos, incentivos diversos, cesión de espazos e apeiros, subvención de sementes, etc. Ampliar as hortas públicas actualmente existentes no Milladoiro e en Bertamiráns e recuperar hortas ata hai pouco (ou aínda) produtivas.
- Impulsar campañas de concienciación e sensibilización medio ambiental. Recuperación do capital natural, principalmente no Milladoiro.
- Creación de un Consello local de Medio Ambiente.
- Creación dunha rede de zonas verdes con parques, xardíns infantís e áreas de espaxamento como elemento socializador.
- Impulsar a innovación de Xardíns Compartidos.
- Fomentar e desenvolvemento das actividades multifuncionais en áreas fluviais
- Aumento da vexetación urbana principalmente en Milladoiro.
- Mantemento da zona fluvial de Lapido.
- Fomentar o uso de vehículos que sexan respetables co medio ambiente. Para elo promoveremos unha bonificación de ata o 75% do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para aqueles vehículos de motor eléctrico, alimentados por baterías, e/ou emisións nulas e dun 60% para aqueles considerados híbridos.
- Promover unha bonificación do 25%, na cota íntegra do IBI para os contribuíntes que instalen nas súas vivendas e edificios sistemas para o aproveitamento da enerxía solar.
- Promoveremos unha bonificación do 75% do ICIO a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.

#### **4.- UN GOBERNO COMPROMETIDO COA IGUALDADE SOCIAL E AS POLÍTICAS SOCIAIS: POR UNHA SAÍDA SOCIAL Á CRISE**

Propostas:

##### **Inclusión social**

O obxectivo principal será reducir o número de persoas en risco de exclusión social.

- Artellar un Plan social municipal contra a pobreza e pola inclusión social, na liña proposta pola Rede Galega de loita contra a pobreza, coa participación de entidades sociais e colectivos afectados.
- Aumentar os fondos dedicados a protección e promoción social.
- Asegurar a cada persoa en risco de pobreza ou exclusión dispón, no prazo máximo de 10 días hábiles, un profesional de referencia que facilite o seu acceso ás prestacións sociais e ao emprego e que coordine os diferentes servizos que poidan existir no territorio.
- Cumprir os prazos establecidos na Lei 13/2013 de Inclusión Social de Galicia para a resolución da RISGA. As actuacións de acción social neste eido reforzarán e complementarán o establecido a nivel autonómico.
- Revisar o regulamento de axudas e o procedemento de concesión de prestacións para aumentar e ampliar as axudas para situacións de emerxencia social para atender a máis persoas e para poder afrontar outras situacións (non só o alugueiro ou a hipoteca da vivenda e o pagamento dos recibos de servizos básicos coma auga e electricidade, senón tamén a compra de medicinas, recepción de lotes de produtos de primeira necesidade e produtos de limpeza na casa, bonos de alimentación, bonos de transporte, gastos de seguro, gastos funerarios, servizos de canguraxe, entre outros).
- Estudar a posibilidade de establecer unha renda social para aquelas familias con todos os seus membros desempregados

- Desenvolver programas de intervención comunitaria en lugares de especial problemática social.
- Fomentar a máxima coordinación e corresponsabilidade política e técnica na loita contra a exclusión:
  - En todas as áreas municipais do concello (en especial nas de Emprego, Benestar Social e Educación).
  - Cos concellos limítrofes, promovendo a prestación conxunta de servizos sociais.
  - Coa Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar), deputacións e FEGAMP, onde se propoñerá crear unha comisión específica mensual.
  - Coas ONG implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión do concello, intercambiando periodicamente información e establecendo estratexias comúns.
- Impulsar o irmandamento con concellos do Terceiro Mundo, co obxectivo de cooperar e apoiar iniciativas de auto-desenvolvemento que sirvan de aprendizaxe mutua e que non se limiten tan só ao apoio económico.

## **Vivenda**

O obxectivo principal será garantir o dereito a unha vivenda digna a todas as persoas de Ames.

- Constituír un organismo de vivenda social en alugueiro en Ames, xestionado polo Concello, do que formen parte as entidades que traballan no eido social, o propio concello e as entidades financeiras e inmobiliarias que teñen vivendas desocupadas no ámbito municipal.
- Establecer un programa de mediación para o alugueiro social, de tal xeito que persoas propietarias dunha vivenda desocupada poidan poñela en aluguer mediante a mediación das bolsas para o aluguer social, dependentes da administración local, que actúan como mediadoras entre as persoas propietarias

das vivendas e as arrendatarias e ocúpense da formalización e seguimento dos contratos. Para as persoas propietarias velan polo bo uso das vivendas, proporcionan seguros multirisco e defensa xurídica, o aval-alugueiro e ofrecen asesoramento, todo de xeito gratuíto. Para os demandantes de vivendas, vivendas máis axeitadas con rendas de aluguer por debaixo de mercado.

- Aprobar un gravame que sancione a existencia de vivendas baleiras de entidades financeiras e construtoras para alimentar a especulación, agás colaboren coas políticas de vivenda municipal que propomos, poñéndoas a disposición do programa de vivenda social en aluguer.
- Arbitrar medidas de apoio ás persoas desafiuzadas ou en proceso de desafiuzamento, reservando vivendas para emerxencias sociais e establecendo un protocolo municipal para familias en risco de exclusión social que garanta asesoramento para a busca de alternativas, vivenda e servizos básicos (agua, luz, comunidade), así como alimentos.
- Desenvolver un plan de erradicación da infravivenda.
- Establecer un plan de rehabilitación progresiva de núcleos rurais coa finalidade de mellorar a calidade de vida da veciñanza e poñelos en valor como recursos turísticos, de ser o caso.
- Revisar os plans urbanísticos para adecuar o espazo destinado a vivendas ás necesidades e circunstancias actuais nesta materia. Elaboración dun plan de vivenda pública.
- Apoiar o acceso á primeira vivenda, nomeadamente en réxime de alugueiro e a través do cooperativismo.

## **Dependencia**

- Desenvolver plenamente o sistema de atención á dependencia, impulsando a súa aplicación efectiva.
- Aumentar o servizo de axuda no fogar, con prioridade absoluta para grandes dependentes, e tamén ás persoas que, coas prestacións domiciliarias, poidan



mellorar a súa calidade de vida, así como para a atención de necesidades relacionadas coa comunidade, acompañamento a xestións, etc. que se xestionen a nivel municipal mediante bolsas de emprego para a veciñanza.

- Mellorar o programa de teleasistencia domiciliaria e a localización fóra do domicilio.
- Crear programas de servizos (transporte, comedor ou xantar na casa, lavandaría ou mantemento da horta...) que se xestionen a nivel municipal mediante bolsas de emprego para a veciñanza.
- Fortalecer os autocoidados e programas de respiro para familiares cuidadores/as.
- Implantar a rede de cuidados para a autonomía persoal, que facilitará a atención e o asesoramento a persoas con dependencia, a formación de profesionais dos servizos de proximidade, a farmacia a domicilio, ou o préstamo de axudas técnicas.

### **Persoas maiores**

- Procurar a consecución dun centro de día terapéutico.
- Potenciar a autoorganización do colectivo. Apoio aos clubs de xubilados/as.
- Impulsar actividades que faciliten as relacións interxeracionais, atendendo de forma especial á colaboración cos centros de ensino, e a recollida da memoria viva a través da historia oral.
- Fomentar as prácticas saudables entre o colectivo así como o avellentamento activo.
- Continuar co programa de turismo termal.
- Retomar os programas Educativo (animación á lectura, educación de adultos e cursiños de iniciación ás novas tecnoloxías); Lecer (obradoiros de manualidades,

viaxes culturais e xogos, como o xadrez) e Terapéutico co Programa Amessan (ximnasia, rehabilitación e cursos de memoria), garantindo a súa calidade.

- Implantar circuitos biosaudables para maiores.

## **Mocidade**

- Favorecer o acceso da mocidade ao traballo
- Apoiar o acceso á primeira vivenda por parte da mocidade, nomeadamente en réxime de alugueiro e a través do cooperativismo.
- Apoiar a auto-organización e o Asociacionismo Xuvenil. Incentivando a súa participación e proporcionar recursos públicos para os seus proxectos e proxección. Dotar locais de uso xuvenil para que os mozos e mozas poidan ter lugares de reunión nos que relacionarse entre eles.
- Posta en marcha do Consello Municipal da Xuventude.
- Fomentar as actitudes positivas cara á lingua galega
- Fomentar o coidado da saúde entre a mocidade: atención sobre sexualidade, prevención de enfermidades de transmisión sexual e anticoncepción; información e prevención contra os trastornos alimentarios (anorexia, bulimia...), sobre os alcohol e demais drogas, e programas de deshabitación e de reinserción social das persoas con dependencias (drogas, xogos, móbiles...).
- Fomentar a práctica do deporte entre a mocidade: novas escolas deportivas municipais coa inclusión de modalidades coma o skate-board, parkour, deportes tradicionais galegos como pode ser o fútbol gaélico, as artes marciais; axudas aos equipos deportivos; novas instalacións deportivas (rochódromos, skate...).
- Fomentar o uso do transporte colectivo entre a mocidade: posibilidade de liñas de autobuses nocturnas durante a fin de semana e outras noites puntuais en atención de festividades e outros eventos de relevancia.

- Fomentar a educación en valores: a igualdade, a paz, para a interculturalidade e o respecto aos dereitos cívicos.
- Festival da Mocidade (AmesSon). no que amosar distintas actividades xuvenís: cultura urbana, música, teatro, danza, artes plásticas, audiovisual, etc.
- Realización de “Outra Noite”. Actividades a desenvolver durante os fins de semana e que se presenten un xeito alternativo ao ocio tradicional.
- Elaboraremos programas específicos de ocio e tempo libre durante o fin de semana. Para elo promoveremos a posta en marcha do proxecto “crea o teu ocio” como plataforma de comunicación e relación do concello coa xuventude. O seu obxectivo é incentivar a iniciativa e participación xuvenil cara ao concello, creando un espazo para a proposta polos mozas e mozas daquelas actividades de ocio (concertos, espectáculos, actividades deportivas, etc) que resultasen do seu interés e que o concello se encargaría de organizar, ofrecendo unha alternativa de ocio compartida.

## **Infancia**

- Atender as necesidades dos menores nas familias en risco de exclusión social.
- Traballar na prevención do maltrato e na detección de situacións de risco para menores.
- Mellorar a seguridade nos parques infantís.
- Deseñar programas de sensibilización social ante todas as situacións de indefensión da infancia.
- Promover a adopción dunha Carta Local dos Dereitos da Infancia co compromiso de prestar unha atención prioritaria aos nenos e nenas, favorecendo criterios de investimento municipal en programas municipais dirixidos á infancia.
- Promover que o concello de Ames sexa recoñecido como concello catalogado como “Amigo da Infancia” conforme aos criterios de UNICEF, no ánimo de

promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno no ámbito local.

### **Igualdade entre mulleres e homes**

- Elaborarase, de xeito progresivo, un orzamento municipal sensible ao xénero, medindo sempre que sexa posible o impacto das políticas municipais na perspectiva de xénero.
- Poñer en marcha políticas activas na prevención e tratamento da violencia de xénero física ou psicolóxica: medidas de concienciación social e de formación dos profesionais implicados na súa detección, atención e tratamento.
- Favorecer o acceso ao mercado laboral das mulleres.
- Favorecer a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar: programas de formación para contribuír á igualdade de homes e mulleres na vida doméstica e cotiá
- Promover o asociacionismo de mulleres e a súa presenza na vida pública.
- Visibilizar e poñer en valor a vida e o traballo das mulleres de Ames, adoptando medidas divulgativas e promovendo a presenza das mulleres nos espazos públicos.
- Promover o protagonismo cultural e a práctica dos deportes en todas as franxas de idade das mulleres, procurando que existan espazos e horarios axeitados; incrementar a presenza de nenas nas escolas infantís deportivas.

### **Persoas con discapacidade**

O obxectivo principal será mellorar as condicións das persoas con discapacidade en relación ao traballo e á accesibilidade, para o cal se establecerá en un Plan de inclusión das persoas con discapacidade, na liña proposta por Cogami, coa participación dos colectivos afectados, que inclúa medidas de concienciación, inclusión laboral e accesibilidade.

- Poñer en marcha de campañas de sensibilización, toma de conciencia e educativas de forma periódica e sistemática.
- Atención preferente ás persoas con discapacidade en todos os programas, proxectos e accións de integración laboral que promova o municipio, especialmente no caso de ser mulleres ou ter especiais dificultades de inserción.
- Incluír de oficio en todos os pregos de contratación administrativa cláusulas sociais que prioricen as empresas licitadoras que fagan esforzos de responsabilidade legal e social contratando persoas con discapacidade.
- Alcanzar o obxectivo do 2% de empregados públicos con discapacidade, cumprindo a cota legal de reserva de emprego nas Administracións Públicas. Adoptar nas probas de acceso medidas de reserva específicas para persoas con discapacidade intelectual.
- Promover o autoemprego mediante a simplificación da concesión de autorizacións ou permisos para a posta en marcha de negocios na vía pública ou espazos públicos.
- Colaborar coas asociacións de discapacitados mediante o asinamento de convenios ou a constitución de fundacións públicas que lles faciliten o desenvolvemento das súas actividades de inserción laboral, de proxectos de autonomía persoal, etc.
- Facilitar procesos de reinserción de profesionais cunha discapacidade sobrevida.
- Conseguir a accesibilidade total das dependencias do Concello en e dos centros escolares, tal e como marca a lei, logo da auditoría de accesibilidade para todos os edificios da corporación local, que deberán contar con ramplas, baños adaptados, sinais luminosas e acústicas, pictogramas, parques de xogo accesíbeis, etc.
- Incorporar ás Ordenanzas de Inspección Técnica de Edificios (ITE) requisitos de accesibilidade, de modo que as reformas con cargo a unha ITE inclúan a obriga de accesibilidade.

- Cumprir estrictamente a lexislación aplicable en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras para concesión de licenzas e autorizacións de obras.
- Procurar que sexa accesible o novo material rodante destinado ao transporte público de viaxeiros, así como a renovación paulatina do material non accesible agora en funcionamento.
- Incluír na ordenanza local específica reguladora do servizo de taxi para que exista unha reserva de "taxis accesibles", de polo menos do 5%, como esixe a lexislación estatal, antes do ano 2017. Establecerase un programa de axudas e subvencións a través de fórmulas como o bono-taxi para as persoas con mobilidade reducida.
- Establecer que unha porcentaxe das vivendas de promoción pública que promova a Corporación Local sexan accesibles e se destinen a persoas con problemas con discapacidade, mellorando os mínimos aplicables.
- Procurar a accesibilidade universal a elementos electrónicos, de proceso de información, programas ou servizos electrónicos, páxinas de Internet públicas e posicións en redes sociais do Concello.
- Implantar progresivamente medidas e medios de accesibilidade para persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas (como subtulado electrónico e interpretación en lingua de signos) nos principais servizos (transporte).
- Incrementar a práctica deportiva nas instalacións públicas para persoas con discapacidade.

### **Minorías étnicas**

- Impulsar a interculturalidade cos colectivos xitanos, contando coa súa participación e respectando as súas características e peculiaridades.
- Realizar actuacións de sensibilización social para a aceptación da comunidade xitana.

- Levar adiante actuacións directas coa comunidade xitana para garantir a escolarización básica, especialmente das nenas, estimular hábitos de saúde e a vacinación, e a súa participación e protagonismo en actividades deportivas, culturais e extraescolares.

### **Persoas emigrantes retornadas e inmigrantes**

- Proporcionar información a inmigrantes e emigrantes retornados, facilitar a xestión de trámites e promover iniciativas dirixidas a súa inserción social, laboral e cultural.
- Promover axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados que se atopen nunha situación de precariedade económica.
- Contribuír á integración escolar desenvolvendo programas de tolerancia e coñecemento intercultural.
- Promover o diálogo e o intercambio cultural a través do asociacionismo, facilitando puntos de encontro e espazos de relación. Retomara celebración do Encontro Intercultural.

### **Persoas con condutas aditivas**

- Definirase un programa de prevención das drogodependencias e demais condutas aditivas, que terá a súa base na intervención na comunidade, na escola e na familias xunto coa implicación coordinada dos traballadores sociais, o persoal de seguridade e os profesionais da saúde.
- Realizaranse campañas de información e sensibilización social, coa participación da mocidade e do movemento asociativo.
- Deseñaranse programas de preparación e inserción laboral para incorporar as persoas drogodependentes a unha vida persoal e socialmente normalizada.
- Facilitarase o acceso aos tratamentos nas unidades asistenciais.

## **Sanidade e saúde**

- Esixir a urxente construción do novo centro de saúde do Milladoiro e a súa dotación de novos servizos en odontoloxía, fisioterapia e traballo social, tal e como está recollido no seu plan director de 2009. Esixir a mellora do centro de saúde de Bertamiráns.
- Esixir a dotación de persoal segundo os criterios legais establecidos: 2 médicos/as e 2 enfermeiros/as máis para que non haxa saturación nin listas de agarda atendendo ao criterio legal de 1.500 cartillas/facultativo-enfermeiro; 1 matroa e media máis, tendo en conta que na actualidade en Ames hai unha matroa en Bertamiráns e 1 no Milladoiro compartida Brión (ou sexa, media). Esixir o desenvolvemento do Plan Muller.
- Esixir 1 traballador/a social e 1 fisioterapeuta en cadanseu centro de saúde do Milladoiro e Bertamiráns.
- Garantir os dereitos da cidadanía en relación coas actividades que causen afección á saúde ou ao ambiente, co cumprimento estrito das autorizacións ambientais.
- Controlar as condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos adicados á elaboración, almacenaxe e distribución de alimentos.
- Mellorar as campañas de eliminación de pragas.
- Controlar a calidade da auga.
- Protexer e controlar os animais domésticos. Estudar a provisión de espazos para os animais de compañía nos núcleos urbanos. Revisar as condicións do servizo de lacería e cancería, garantindo condicións de vida dignas para os animais abandonados e fomentando a súa adopción. Fomentar campañas de captura-esterilización-solta nas colonias de gatos das zonas urbanas. Desenvolver campañas de sensibilización sobre tenenza de animais, coidados e vacunación.
- Establecer canles de colaboración co SERGAS para a implantación de programas e actuacións no ámbito da saúde mental.



## **Sexualidade**

- Promover unha sexualidade libre e gozosa sen discriminación nin criminalización das condutas sexuais lesbiana, gay, transexual, bisexual e intersexual.
- Colaborar coa Rede de asesoramento afectivo-sexual para a mocidade “Quérote” da Dirección Xeral da Xuventude para mellorar a información, as actitudes e os hábitos da mocidade nestes temas.
- Implantar nos centros de ensino programas específicos de educación afectivo-sexual en colaboración cos centros, as ANPA e a mocidade dos propios centros.

## **Educación**

Os tres grandes obxectivos xerais que propoñemos, seguindo as recomendacións da Confederación de ANPAs galegas, son: Responder ás necesidades educativas do Concello con oferta pública abonda demandando as esixencias correspondentes á Consellaría de Educación da Xunta; favorecer a participación de toda a comunidade educativa, e consolidar e mellorar os programas complementarios existentes e converter Ames nun concello educador.

- Elaborar en 2015 un mapa escolar que identifique as necesidades educativas.
- Favorecer a continuidade da escola unitaria de Covas ofrecendo servizos de interese para as familias.
- Ampliar o apoio para nenos/as con necesidades especiais.
- Implantar unha oferta formativa (ciclos) para os institutos, buscando as sinerxias coa aposta estratéxica en canto ao desenvolvemento local e a creación de emprego.
- Elaborar un plan de mantemento constante e melloras de todos os centros educativos para executar polo concello e a Xunta respectivamente, que necesariamente conterà, entre outros: Dotación de recursos educativos e melloras no patio e ximnasio da EEI do Milladoiro. Ampliación do patio e recuperación da carballeira no CEIP de Ventín. Arranxo da caldeira da EI A

Madalena. Arranxo do patio da EEI do Milladoiro. Arranxo das filtracións do ximnasio, reposición dos elementos estropeados e revisión das condicións de seguridade no edificio de infantil do CEIP A Maía.

- Renovación do material didáctico e dos xogos das escolas infantís municipais.
- Recuperación de formación para o persoal das escolas infantís municipais. Oferta formativa para todo o profesorado do municipio en determinadas liñas de interese para o Concello.
- Demandar das autoridades competentes que non se poñan pexas á utilización do transporte escolar a estudantes se existen prazas dispoñibles.
- Mellorar a seguridade e organización do tráfico na entrada e saída dos centros escolares.
- Revisar os criterios de admisión e os prezos nas escolas infantís municipais e nas actividades educativas complementarias para priorizar as situacións económicas precarias e posibilitar o acceso das mulleres ao traballo. Introducir máis tramos en función da renda. Introducir bonificacións progresivas no custo dos programas de conciliación familiar a partir do segundo fillo ou filla. Simplificar os trámites.
- Posibilitar que todos os nenos e nenas de Ames teñan en tempo e forma os libros e o material escolar necesario, tanto incrementando as partidas destinadas a axudas para a adquisición de libros e material escolar e mellorando a súa xestión e percepción polas familias, como creando bancos de libros e material.
- Apoiar cun programa de bolsas para os estudantes das familias máis necesitadas o acceso aos estudos de bacharelato, formación profesional e universidade, que sexa eficaz e discreta.
- Actuar sobre o absentismo escolar, coordinando institucións e familias.
- Desenvolver programas de atención, apoio e reforzo para o alumnado en situación de fracaso escolar, altas capacidades, etc.

- Mellorar a calidade dos servizos educativos complementarios: procura da calidade alimentar con uso de produtos locais, potenciación da aprendizaxe de hábitos saudables, atención da monitoraxe mediante o control dos contratos de concesión (ratios monitor-alumnos).
- Crear programas de incentivación da autonomía e da participación das nenas e dos nenos e de creación de comunidades de aprendizaxe: toma en consideración das opinións dos nenos e nenas a respecto de asuntos que lles afecten directamente, hortas escolares, camiños escolares alí onde as condicións de seguridade viaria o permitan, apoio entre escolares (tarefas escolares, comer, lectura, etc.), fomento de relacións interxeracionais, etc.
- Propoñer aos centros de ensino de todas as etapas actividades de servizo-aprendizaxe incluídas no currículo que creen conciencia sobre a capacidade de participación e transformación social e que contribúan a detectar necesidades sociais, ambientais, culturais, informativas... e a poñerlles solución.
- Procurar o aproveitamento dos centros educativos fóra do horario escolar e das actividades desenvolvidas polas ANPA, para actividades sociais, lúdicas, culturais ou deportivas cos correspondentes mecanismos e procedementos.
- Consolidar os programas xa existentes Bos días e Tardes Divertidas, así como os lúdicos de vacacións para apoiar a conciliación, asegurar a atención alimentar aos nenos e nenas en risco de exclusión, e promover a educación integral (seguridade, a integración e igualdade, os dereitos sociais, concienciación ambiental, actividades culturais ou deportivas).
- Consolidar a Escola Municipal de Música de Ames (EMMA), impulsando a creación dunha banda e/ou orquestra co seu alumnado representativa de Ames e posibilitado que o seu alumnado poida obter ás probas de acceso ao conservatorio.
- Recuperar o programa de formación de persoas adultas de formación regrada co obxectivo de conseguir os títulos da ESO e os programas de alfabetización non regrada.

- Mellorar a información sobre o acceso á universidade a maiores de 25 ou as probas de acceso a ciclos medios e superiores.
- Promover a implantación dunha sección da Escola Oficial de Idiomas en Ames.
- Crear un programa de educación familiar que se adapte ás diversas realidades do concello e ás diversas idades das nenas e nenos, recuperando experiencias como a de Preescolar na casa, e incorporando outras.
- Incentivar a participación de toda a comunidade educativa na educación mediante a constitución do Consello Escolar Municipal e abríndose ao diálogo con anpas, alumnado, claustros de profesorado e direccións de centros. Participar en experiencias e propostas de renovación, propostas pedagóxicas de asociacións e grupos de traballo. Apoiar as iniciativas e o traballo das asociacións de nais e pais.
- Crear o Consello cidadán dos nenos e nenas de Ames para que poidan participar na toma de decisións de asuntos relativos ás súas necesidades, segundo as recomendacións de Francesco Tonucci en "A Cidade dos nenos".

## **Deportes**

A práctica deportiva debe formar parte das prácticas saudables da maior cantidade posible de cidadáns, coa maior cantidade de modalidades deportivas, polo que se ampliarán e mellorarán as instalacións deportivas e os servizos prestados, especialmente para fomentar o deporte de base, tanto polo Concello como polas entidades deportivas e clubs, e se afondará na colaboración e na participación con estes.

- Elaborar en colaboración coas entidades deportivas e executar o Plan de ampliación, remodelación, mantemento, mellora e sinalización dos infraestruturas deportivas municipais, incluíndo a posible optimización dos equipamentos deportivos escolares e doutras infraestruturas municipais desaproveitadas.
- Facilitar apoio e axuda ao deporte feminino e a celebración de competicións deportivas femininas.

- Promover competicións deportivas entre equipos do noso concello e concellos limítrofes en distintas categorías e en diferentes deportes, favorendo a competitividade en valores e o deporte base.
- Mellorar os criterios de baremación das subvencións aos clubs e entidades deportivas, así como o sistema de xustificación.
- Levar a cabo a sinatura de convenios cos clubs de deporte base.
- Promocionar competicións para distintos deportes como a actual Ames Cup.
- Organizar e colaborar no desenvolvemento de competicións deportivas benéficas.
- Estudar o posible asinamento de convenios de colaboración con clubs privados para aproveitamento das súas instalacións e servizos.
- Implantar circuítos de mantemento en parques e áreas recreativas. Ampliar e mellorar os circuítos para andainas e running no concello e consolidar un calendario de sendeirismo municipal.
- Mellorar e ampliar a área recreativa fluvial de Tapia.
- Mellorar a xestión das piscinas municipais descubertas e o seu acceso. Garantir prazas destinadas a nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo, e que haxa monitores con formación especializada neles.
- Consolidar e ampliar a oferta das escolas deportivas municipais, mellorando a xestión, calidade, ampliando o número de modalidades e de prazas, e complementándoas con programas de control da saúde, como mellor forma de fomentar o deporte de base.
- Coidar especialmente a oferta de actividades físicas para nenos/as, que estean ao servizo da educación deportiva, a inclusión e a igualdade, que promovan as relacións entre nenos e nenas, o compañeirismo, o traballo en equipo e a respectuosa competitividade saudable, a participación de nenos e nenas con diversidade funcional e que lle devolvan o carácter de xogo ao deporte.

- Ampliar a oferta de actividade física para adultos tanto nos núcleos urbanos como no medio rural.
- Consolidar e mellorar a xestión do actual calendario de probas deportivas populares, ademais de diversificar as modalidades.
- Ampliar os programas de iniciación a outros deportes, tales como atletismo, equitación, hockey herba, etc.
- Establecer unha programación de actividades deportivas e saudables, como poden ser pilates, yoga e tai chi chuan.
- Consolidar e ampliar a práctica de deportes tradicionais (chave, fútbol gaélico, etc.)
- Mellorar a xestión das instalacións deportivas e facilitar o seu uso polos veciños e veciñas, por colectivos non federados e polas entidades deportivas
- Consolidar e mellorar a xestión do calendario deportivo federado.
- Ampliar e intensificar a colaboración cos clubs deportivos municipais, facilitar información e asesoramento a clubs e entidades federadas, mellorar as subvencións a entidades deportivas (baremo obxectivo, axilidade...), contar con elas para ofertar actividades...
- Abrir un programa de apoio a deportistas locais con proxección.
- Consolidar a Gala Municipal do Deporte, como espazo de encontro dos deportistas do concello e como recoñecemento da súa actividade.
- Estudar a creación do Padroado Municipal do Deporte, co fin de axilizar a xestión e facilitar a colaboración da empresa privada no financiamento e mantemento da práctica deportiva.
- Revisar os criterios e os prezos das actividades deportivas para favorecer a incorporación á práctica deportiva das persoas con situacións económicas precarias ou con situacións socio-sanitarias delicadas.

## **5.- UN GOBERNO COMPROMETIDO COA CULTURA E A LINGUA GALEGA**

Desde o goberno municipal apostaremos pola cultura e a lingua como ferramentas fundamentais no camiño da transformación social e intelectual de cara a unha sociedade plenamente democrática, crítica, próspera, xusta, intelixente, tolerante, flexible e autónoma.

A cultura é un ben común patrimonio de todas e de todos, que non só nos axuda a entendernos senón tamén a progresar.

O noso obxectivo principal é apostar pola dinamización cultural de Ames desde o concepto de democracia cultural, integrando sensibilidades diferentes nun proxecto non elitista, participativo, en que poidamos ser non só espectadores senón tamén protagonistas e creadores/as, e que nos identifique a todos e todas como amesáns e galegos/as.

A revitalización e potenciación da nosa lingua en todos os ámbitos para os veciños e veciñas de Ames debe guiar transversalmente todas as actuacións do concello, así como a promoción de valores democráticos e cidadáns.

Propostas:

### **Cultura**

- Elaborar un mapa cultural de Ames, que faga un balance exhaustivo dos equipamentos e infraestruturas, tanto públicas ---incluídos os centros de ensino--- como privadas, con que conta o Concello para a intervención cultural, que sirva de base a un plan de necesidades en equipamentos, e que permita consolidar as escolas municipais de música e teatro, así como desenvolver as actividades culturais do Concello e as actividades das asociacións e grupos (locais de ensaio...).
- Consolidar unha programación estable de espectáculos e regular que sexa atractiva para todo os públicos (teatro, monicreques, cinema, música, danza, recitais, conferencias, exposicións, mostras, presentacións...), que tamén sexa

escaparate dos creadores locais, compaxinando os grupos profesionais co apoio aos grupos afeccionados.

- Consolidar os cursos de introdución e os obradoiros culturais para todo tipo de persoas, como a mellor forma de lles achegar os fundamentos da cultura (música, teatro, danza, ciencia, tecnoloxía, literatura, audiovisual, plástica, manualidades...) e de que xurdan novos creadores/as e se poidan organizar en redes, colectivos e plataformas.
- Consolidar as escolas municipais: a Escola de Teatro e a Escola de Música; impulsar a creación dunha compañía teatral e unha banda ou orquestra co seu alumnado; posibilitar que o seu alumnado poida obter ás probas de acceso ao conservatorio.
- Atender na programación e na formación a todo tipo de públicos: Cultura para/de todos, cultura alternativa (banda deseñada, videoxogos, arte dixital, música electrónica, cinema, etc.), cultura para a infancia (espazos para aprender xogando, ludotecas, concertos e teatro didácticos en colaboración coas escolas municipais, psicomotricidade, programa “Coñece o teu Concello” en colaboración coa Biblioteca e a Aula da Natureza...) e cultura tradicional, aproveitando o coñecemento e a experiencia dos nosos maiores.
- Promover actividades de aprendizaxe-servizo en colaboración cos centros de ensino para fomentar as relacións entre diversos grupos sociais (de idade, sociais, etc.) en relación coa cultura.
- Promover os artistas locais e novos creadores mediante actividades e espazos de coñecemento, difusión, intercambio e colaboración: concursos, mostras, premios, bolsas, publicacións, exposicións, gravacións.
- Recuperar o MillaRock como o festival anual de música galega contemporánea e de promoción de novos grupos, ofrecendo as novas tendencias da música de Galiza (hip-hop, rock, metal, etc...) no noso idioma alén de aguilloar os seu emprego entre as bandas locais.



- Ofrecer as instalacións e recursos municipais a veciños/as, asociacións e artistas locais, e sociedades de artistas para promover procesos de creación e/ou difusión.
- Mellorar a dotación dos locais socioculturais das parroquias e promover Mellorar a dotación dos locais socioculturais das parroquias e promover axudas para mellorar as condicións de traballo das asociacións socioculturais e grupos locais.
- Enriquecer as festas parroquiais con novas actividades culturais, deportivas... apoiando o traballo das comisións de festas.
- Recuperar a relación transparente e apoio constante ás asociacións (actualización do rexistro de asociacións, liñas información e de axudas anuais, regulación do uso de locais e infraestruturas, organización de actividades conxuntas), etc.
- Contribuír a eliminar progresivamente a fenda dixital: Dotar as parroquias e equipamentos e espazos públicos de instalacións e puntos de acceso a Internet; favorecer o acceso ás novas tecnoloxías, con programas de alfabetización e dinamización dixital, que acheguen transversalmente as novas tecnoloxías ás persoas e colectivos máis alleos ata agora (maiores, mulleres...) e que axuden a conseguir novas capacidades dixitais alén das puramente comunicativas.
- Retomar as excursións culturais.
- Promocionar cursos coas asociación veciñais nas parroquias.
- Retomar o concerto de Nadal da EMMA no CHUS.
- Impulsar concertos da EMMA nas celebracións do Concello, nos Centros Escolares.

### **Patrimonio**

- Elaborar un mapa do patrimonio cultural, arqueolóxico, histórico e etnográfico, tanto material como inmaterial, de Ames, así como un plan integral de

mantemento, valoración, recuperación, concienciación, divulgación, sinalización e promoción do patrimonio.

- Promover e impulsar a posta en valor das rutas patrimoniais do Concello: achados arqueolóxicos, camiños portugués e fisterrán, a ruta rosaliana ruta de Riamonte, a arte popular..., o seu coñecemento, difusión e aproveitamento económico e cultural.
- Promover estudos ---mediante bolsas, concursos, actividades escolares de servizo aprendizaxe etc.- sobre patrimonio, cultura, historia local, economía, poboación, lingua, tradicións, memoria histórica... así como a súa divulgación, difusión e valoración.
- Difundiremos a guía turística do concello, rematando a súa elaboración coas fotografías, textos explicativos e históricos, e mapas de ubicación dos distintos elementos turísticos do Concello.
- Elaboraremos material divulgativo propio (carteis, dípticos postais...a partires do Arquivo Fotográfico Profesional) que sirva de valoración, comunicación e difusión dos nosos recursos para promover Ames como destino turístico.

## **Lectura**

- Recuperar os programas periódicos e sistemáticos de animación á lectura, que serán participativos, con atención especializada aos diversos colectivos (infancia, adolescencia, mocidade, terceira idade...).
- Dinamización das bibliotecas, ampliando a oferta de actividades, en especial de animación á lectura.
- Continuar co programa de bibliopiscinas durante o verán.
- Mellorar o servizo prestado pola rede municipal de bibliotecas: Renovar e ampliar os fondos da rede de bibliotecas nos diversos soportes; recuperar os espazos informativo e participativo dos lectores/as (lecturas recomendadas, comentarios...); posibilidade de contar con bibliobuses para as parroquias;

posibilidade de préstamo a domicilio para as persoas que non poidan acceder fisicamente á biblioteca; ampliar a biblioteca de Bertamiráns.

- Abrir unha liña de publicacións dixitais propias.
- Crear e difundir os fondos de documentación local.

## **Lingua**

Propoñemos tres obxectivos: Recuperar o proceso de galeguización da Administración municipal, concienciar a sociedade amesá da necesidade de preservar a nosa lingua e abrir novos espazos para fomentar o uso do galego.

- Velar polo cumprimento da Ordenanza de impulso do idioma, coa creación e funcionamento da comisión que a propia ordenanza establece, tanto nas comunicacións da propia institución como dos servizos contratados e das concesións, así como dos medios de comunicación municipais.
- Diseñar e poñer en marcha un programa de formación que atenda as especificidades dos postos de traballo do Concello, que se dotarán de perfís lingüísticos.
- Afondar no proceso de normalización documental do Concello e completar a galeguización da rotulación e da sinalética.
- Completar o estudo da toponimia de Ames e adoptar un plan para a súa recuperación, difusión, posta en valor e reutilización.
- Recuperar os programas de dinamización e formación lingüística para o persoal relacionado coas diversas actuacións dirixidas ao público, especialmente infancia e á mocidade: persoal das escolas infantís, monitores/as de actividades, persoal das escolas deportivas e culturais, bibliotecas, etc. de xeito que se cumpra a ordenanza municipal sobre a lingua coa maior calidade.
- Abrir programas de sensibilización para as familias, co obxecto de asegurar a transmisión da nosa lingua aos nenos e nenas.

- Recuperar as actividades lúdicas e educativas para fomentar as actitudes positivas cara á lingua da infancia e da mocidade, os espazos para afortalar os usos lingüísticos mediante a creación de grupos e redes de rapaces e rapazas e/ou de familias, e a creación de materiais atractivos na nosa lingua.
- Continuar organizando actividades dirixidas á poboación procedente de fóra de Galicia para dar a coñecer a lingua e a cultura galegas, de xeito que faciliten así a súa integración a todos os niveis (legal, laboral, administrativo, lingüístico-cultural, etc.). Crear bancos de tempo especificamente dirixidos á aprendizaxe da nosa lingua e ao mantemento de conversas con galego-falantes.
- Establecer Encontros de linguas dada a riqueza intercultural existente no noso concello.
- Promover o uso do galego no sector socio-económico en colaboración coas entidades que o forman, ofrecendo paquetes de servizos (asesoramento lingüístico, recursos, formación) e incentivos económicos (subvencións, rebaixas impositivas...) para aquelas empresas que asinen compromisos duradeiros. Fomentarse o uso do galego ligado a melloras na calidade do sector.
- Elaborar o plan de normalización lingüística con carácter transversal, baseado na participación e na implicación dos diversos ámbitos que guíe as actuacións nos vindeiros anos.